

O Comité leva o boicot á folga das contratas á Inspección

O 6 de maio o Comité da Coruña presentou na Inspección de traballo unha denuncia contra Telefónica por vulnerar o dereito de folga ao asignar a persoal propio avarías que son da contrata.

Uns días antes o propio Comité dirixiu un escrito á empresa para esixirlle que deixe de enviar ao persoal propio a atender as avarías das contratas mentres estean en folga, solicitándolle ademais que medie no conflito para buscar unha saída que satisfaga a todas as partes. Estas actuacións como Comité súmanse ao escrito que dende a CIG temos enviado á empresa e a unha denuncia que tamén temos posto na Inspección de traballo polo mesmo motivo.

Dende a CIG temos claro que debemos apoiar e solidarizarnos cos compañeiros das contratas, a súa loita tamén é un problema noso e polo tanto debemos estar do seu lado. Se a empresa pretende que atendamos avarías das contratas debemos esixir formación, ferramentas, medios, repostos necesarios...

A batalla que están a dar os traballadores e traballadoras das contratas cuestiona todo un modelo empresarial que destrúe emprego a oito nas grandes empresas para substituílo por emprego cada vez máis precario nas contratas e subcontratas. O nivel de precariedade chegou a tal extremo que tiveron que ir a esta folga indefinida.

A folga indefinida segue adiante a pesar da lamentable actuación de CCOO e UGT neste conflito, pretenderon crear división pero non o conseguiron, primeiro creando unha convocatoria de folga parcial cando estaban parando case todos pola folga indefinida, despois asinando un acordo coas empresas de contrata que non avanza nada e crea máis inseguridade nalgunhas cuestións. A súa actuación descarada ao servizo de Telefónica e das contratas non lles serviu de nada pois os traballadores seguen adiante coa folga indefinida.

Como temos informado nun comunicado anterior, os traballadores e traballadoras da contrata abriron unha conta en ABANCA para crear unha caixa de resistencia, tamén estamos pasando polos centros de traballo para distribuír uns bonos de axuda para achegar cartos a esa caixa de resistencia. Dende a CIG pedímosvos o apoio e a solidariedade cos traballadores das contratas, necesitamos avanzar na concienciación da clase traballadora para poder afrontar estas batallas por un traballo digno.



Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 12 de maio de 2015